



Cámara Oficial
Mineira de Galicia



Oficina de Impulso
de Proxectos Europeos

Seguimento Convenio



**XORNADA DE POSTA EN VALOR DOS RESULTADOS DA
OFICINA PARA A CAPTACIÓN, A COORDINACIÓN E O
SEGUIMENTO DE FONDOS EUROPEOS DE INVESTIGACIÓN,
INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN (OIPE)**

Co apoio de:



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1

A OIPE NO MARCO DA AMMSG
2030

2

FUNCIÓNS DA OIPE

3

NECESIDADES DA INDUSTRIA
MINEIRA

4

ASISTENCIA A ADMINISTRACIÓN
E INFORMACIÓN

5

XESTIÓN INTEGRAL DE
FINANCIAMENTO E SOPORTE

6

RESULTADOS ESPERADOS DO
APOIO DA OIPE

7

XESTIÓN DE PROXECTOS

8

PRÓXIMOS PASOS NO 2024 2023-
2024

1. A OIPE NO MARCO DA AMSG 2030

Creación

La Oficina de Impulso da Minería Sostible de Galicia (OIPE) xorde como parte da AMSG en 2023.



Obxectivo

Prestar servizos, apoio e asesoramento na captación de financiamento europeo para o impulso da competitividade, da I+D+I e da sustentabilidade sectorial as empresas e á Administración.



Colaboración

A OIPE crease mediante a colaboración entre a COMG e a Consellería de Economía, Industria e Innovación.



Rol

A OIPE ten un papel destacado para fortalecer o sector mineiro e posicionar a Galicia como o epicentro da industria.



Labor

Mobilización dos actores económicos, sociais e institucionais e incrementar o desenvolvemento dos proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación.



A Xornada

Posta en valor dos resultados obtidos pola OIPE. Destacar fitos, obxectivos e candidaturas prioritizadas para o ano 2024.



2. NESTA XORNADA

Posta en valor dos **resultados obtidos na actividade de OIPE** a través dos diferentes fitos levados a cabo, as candidaturas destacadas e os obxectivos de cara ao 2024.

PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS NA CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS

- Introducción dos diferentes tipos de financiamento europeo así como dos seus mecanismos de captación.

Tipos de financiamento

Características das liñas

- Desenvolvemento das características das liñas de financiamento priorizadas nas memorias de candidatura elaboradas no período vixente e os proxectos a levar a cabo en 2024

3. NECESIDADES DA INDUSTRIA MINEIRA (CONSULTAR, ANALIZAR E DAR RESPUESTA)




Proceso de consulta ao sector co obxectivo de detectar todas as necesidades particulares dos diferentes axentes.

Necesidades da industria mineira galega

- Demanda dun servizo de asesoramento e de acompañamento continuado.
- Necesidade dun diagnóstico.
- Asesoramento persoalizado para o impulso dun plan de mellora en innovación e desenvolvemento tecnolóxico

3. NECESIDADES DA INDUSTRIA MINEIRA (NECESIDADES DETECTADAS DO SECTOR)



3. NECESIDADES DA INDUSTRIA MINEIRA (NECESIDADES ESPECÍFICAS)

Dentro dos diferentes ámbitos, as entidades partícipes do proceso de consulta trasladaban as seguintes necesidades específicas

- **Incremento da cadea de valor** a través de proxectos de economía circular.
- **Eficiencia no proceso produtivo.**
- **Normativa clara e uniforme.** Axudas para a implantación de medidas sostibles que inclúan as grandes empresas
- **Dixitalización e seguimento de procesos,** alternativas de xeración de calor, eficiencia enerxética.
- Mellora dos procesos de concentración para a **obtención de produtos comercializables.**
- **Tecnoloxías viables** á cocción con gas – descarbonización.



4. ASISTENCIA A ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

Cámara Oficial Mineira de Galicia Oficina de Impulso de Proxectos Europeos

DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES EMPRESARIALES DEL SECTOR DE LA MINERÍA EN MATERIA DE FINANCIACIÓN EUROPEA

Diagnose de necesidades

Cámara Oficial Mineira de Galicia Oficina de Impulso de Proxectos Europeos

Líneas de financiación para futuras ideas de proyecto - PASEK MINERALES

Con el apoyo de: XUNTA DE GALICIA

O xoves día 14 de setembro, Arantxa Prado en representación da Cámara Oficial Mineira de Galicia e Pablo Arias en representación de Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste, S.L., con CIF B15803976, asistiron a unha reunión nas instalacións da citada empresa no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a posta en marcha dunha oficina de captación de fondos europeos para o impulso e seguimento de proxectos para a investigación, innovación e modernización.

En A Coruña a 14 de setembro de 2023.

Cámara Oficial Mineira de Galicia Myhnor Morteros y Hormigones del Noroeste SL

Reunións con empresas e actas das reunións

NEWSLETTER Nº 1 - 06/09/2023

Oficina para a captación, coordinación e seguimento de fondos europeos de investigación, innovación e modernización.

Cámara Oficial Mineira de Galicia

BOLETÍN OIPE Nº 8 - 20/11/2023

Convocatorias do Programa Horizonte Europa

Convocatorias abertas cos fondos Next Generation e outras convocatorias nacionais

Próximas convocatorias


Axudas da Axencia Galega

13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	
Subvención	HORIZON-CL4-2024-RESILIENCIA-01-10	Comisión Europea	Programa Marco Horizonte Europa	Concorrenza competitiva	15/09/2023 a 07/02/2025	Aborfar os requisitos de difusión debido nas calls de subministración de materias primas	empresa, universidade, centro de investigación ou entidade pública europea	fundos europeos											
Subvención	HORIZON-CL4-2024-RESILIENCIA-01-11	Comisión Europea	Programa Marco Horizonte Europa	Concorrenza competitiva	15/09/2023 a 07/02/2025	Mayor autonomía en calls de valor estratéxico para	empresa, universidade,	fundos europeos											
Subvención	HORIZON-CL4-2024-RESILIENCIA-01-41	Comisión Europea	Programa Marco Horizonte Europa	Concorrenza competitiva	15/09/2023 a 07/02/2025		empresa, universidade,	fundos europeos											

Co apoio de XUNTA DE GALICIA

Mapeo convocatorias, Newsletters e boletíns

5. XESTIÓN INTEGRAL DE FINANCIAMENTO E SOPORTE NAS PROPOSTAS



5. XESTIÓN INTEGRAL DE FINANCIAMENTO E SOPORTE NAS PROPOSTAS (DESARROLLO DAS PROPOSTAS)



6. RESULTADOS ESPERADOS DO APOIO DA OIPE


- **Asesoramento** a diferentes entidades.
- **Apoio** por parte da Oficina de Impulso a Proxectos Estratégicos (OIPE) as empresas na preparación de candidaturas.
- **Configuración de candidaturas** por parte das entidades na vindeira convocatoria de 2024.
- **Aumento das sinerxías** xeradas entre as entidades asesoradas e outros sectores compatibles ca minería.
- **Elaboración de proxectos** conxuntos entre as entidades que recibiron asesoramento e outros sectores.



Resultados actuais e esperados a raíz do apoio da OIPE as entidades socias do sector mineiro..

7. XESTIÓN DE PROXECTOS (BASE DE DATOS)

Creación dunha **base de datos** para consultar de xeito actualizado todas as propostas levadas a cabo, as viventes e os proxectos xa desenvolvidos e os seus resultados.



<https://camaraminera.org/proxectos-tractores/>

7. XESTIÓN DE PROXECTOS



Desenvolvemento dunha base de datos de posibles proxectos tractores para implantar en Galicia recollidos a través das manifestacións de interese e dos procesos de consulta.

- Mediante esta base de datos, quen o desexe poderá consultar de xeito actualizado todas as propostas levadas a cabo, as vixentes e os proxectos xa desenvolvidos e os seus resultados.
- Ademais, enriquecerase progresivamente con todas as propostas e manifestacións de interese a través, entre outros, do seguinte enderezo de correo electrónico.



camaraimpulsa@camaraminera.org

Isto constitúe unha ferramenta para os axentes económicos á hora de compartir e/ou identificar propostas tractoras no sector e de realizar unha busca de sinerxías, partners e consorcios.

7. XESTIÓN DE PROXECTOS (MANIFESTACIÓN DE INTERESE)



Tejas Verea, S.A.

Pasek
MINERALES

Pasek Minerales

Campo

Cerámica Campo



Asociación Galega
de Áridos



Balnearios de
Galicia

7. XESTIÓN DE PROXECTOS (PROXECTOS EN MARCHA)

Redacción de memorias de candidatura as liñas de financiamento europeo priorizadas e adaptadas as necesidades detectadas a dous niveis:

Apoiando a Xunta na presentación de proxectos:

Proxectos, xeralmente en colaboración transnacional, transfronteriza, ou transrexional.

Apoiando ás empresas:

A través de convocatorias nas que participe a COMG como organismo intermedio, ou ben **realizando un asesoramento as empresas para a consecución de financiamento europeo.**

Servizo demandado polas entidades



Fundación Biodiversidad



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA

8. PRÓXIMOS PASOS NO 2024




Asistencia a administración

- Aumento de reunións coas empresas
- Identificación de necesidades
- Difusión de boletíns e newsletters
- Sistema de alerta online



Asistencia ás empresas

- Redacción de candidaturas as liñas de financiamento europeo priorizadas, apoiando á administración e as empresas



Xestión técnica e administrativa

- Xustificación dos proxectos implementados
- Automatización do cadro de mando



Comunicación, presentación e seguimento

- Xornadas virtuais por convocatoria
- Obradoiros para a presentación de Proxectos Consorciados
- Networking
- Eventos de presentación e peche



Mantemento da base de datos de Proxectos

- Alimentación da base de datos existentes e divulgación das manifestacións de interese



Cámara Oficial
Mineira de Galicia



Oficina de Impulso
de Proxectos Europeos

Porfolio de proxectos priorizados tras a análise de necesidades do sector

Co apoio de:



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

1

Introdución

2

**Programa POCTEP-FEDER: Impulso de Asociacións
Estratéxicas Industriais Transfronteirizas**

3

**Programa de Fundación Biodiversidade: proxecto de
emprego circular**

4

**Programa ERASMUS +: Cara unha minería verde a
través da capacitación en novas ocupacións
baseadas na transición dixital e ecolóxica**

INTRODUCCIÓN

NECESIDADES IDENTIFICADAS E IDEAS DE PROXECTOS

- Incremento da cadea de valor a través de proxectos de economía circular
- Materias primas
- Formación / talento
- Emprego
- Sustentabilidade

Necesidades

- Aseguramento da cadea de subministración das materias primas estratéxicas
- Emprego en economía circular
- Mellora do Talento, compartir boas prácticas e visibilidade do sector

Proxectos

INTRODUCCIÓN

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

É o programa de
cooperación territorial
entre España e Portugal
da Unión Europea (UE)
para o período 2021 -2027

Convocatoria prevista para 2º
trimestre 2024

PROGRAMA
**emplea
verde**



Fundación Biodiversidad

Programa do Ministerio para
a Transición Ecolóxica, é a
iniciativa da Fundación
Biodiversidade para o
impulso e a mellora do
emprego, o
emprendemento e o medio
ambiente

Convocatoria prevista para 1º
trimestre 2024



Erasmus+

É o programa de la UE para
apoiar a educación,
formación, Xuventude e
deporte en Europa.

Convocatoria prevista para el 5
de marzo

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

Impulso de Asociacións Estratéxicas Industriais Transfronteirizas para o aseguramento das cadeas de subministro de materias primas claves para a transición verde e dixital

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



España – Portugal

ÍNDICE

- 1** CONTEXTO
- 2** OPORTUNIDADE
- 3** OBXECTIVO
- 4** ACTIVIDADES
- 5** CONSORCIO
- 6** RESULTADOS ESPERADOS
- 7** ORZAMENTO

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



España – Portugal



1

CONTEXTO

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

CONTEXTO

EUROPEO

No novo modelo industrial para unha economía descarbonizada e dixitalizada requírense materias primas e procesos de produción descarbonizados. Por iso, a industria das Materias Primas Minerais xoga un papel cruce como provedora de materias primas tanto primarias como secundarias nos principais sectores.

A Iniciativa Europea de Materias Primas (Raw Materials Initiative, RMI34), tiña como obxectivo asegurar a subministración das materias primas necesarias para as cadeas de valor industriais e o benestar da sociedade. O seu enfoque baséase no abastecemento xusto e sostible de materias primas dos mercados internacionais, potenciando a subministración sostible de materias primas de fontes europeas, e a eficiencia e a substitución de recursos.

Baseándose niso a Comisión publicou en 2011 a lista de materias primas críticas, que actualiza cada 3 anos.

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

CONTEXTO

En 2020 a Comisión instou a aumentar a axilidade e eficacia en relación coa subministración sostible de materias primas fundamentais. Propuxo dez accións prioritarias entre as que destacan:

creación dunha alianza europea de materias primas que cubra toda a cadea de valor

fomento de actividades de investigación para a explotación e tratamento de materias primas fundamentais (incluíndo residuos mineiros)

As materias primas fundamentais identificadas en 2020 pola Comisión son:

Antimonio	Hafnio	Fósforo	Carbón de coque	Caucho natural
Barita	Terras raras pesadas	Escandio	Bauxita	Espato de flúor
Berilio	Terras raras lixeiras	Silicio metálico	Niobio	Litio
Bismuto	Indio	Tantalio	Galio	Metais do grupo del platino
Borato	Magnesio	Volframio	Titanio	Germanio
Cobalto	Grafito natural	Vanadio	Fosforita	Estroncio

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

CONTEXTO

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia en España aprobáronse diversos **PERTEs**, cuxo obxectivo é impulsar grandes iniciativas que contribúan claramente á transformación da economía española.

Destacan, pola súa conexión directa os seguintes:

● **PERTE para o desenvolvemento do Vehículo Eléctrico e Conectado**

O seu obxectivo é crear en España o ecosistema necesario para o desenvolvemento e fabricación de vehículos eléctricos e conectados á rede e converter a España no Hub Europeo de electromovibilidade.

● **PERTE de Economía Circular**

O seu obxectivo é acelerar a transición cara a un sistema produtivo máis eficiente e sostible no uso de materias primas.

● **PERTE de microelectrónica y PERTE de microelectrónica e semiconductores.**

O seu obxectivo é reforzar as capacidades de deseño e produción da industria da microelectrónica e os semicondutores en España desde unha perspectiva integral e favorecer a autonomía estratéxica nacional e da UE neste sector, en liña co previsto na Lei Europea de Chips .

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

CONTEXTO

ESTATAL E REXIONAL

Europa e España son autosuficientes en materias primas minerais para a construción e a maior parte dos minerais industriais; con todo, ambas son moi dependentes doutras materias primas. Actualmente, Europa produce o 60% dos metais que consome, e depende case na súa totalidade das importacións de terceiros países de materias primas consideradas como fundamentais

No que a materias primas fundamentais refírese, España conta actualmente con produción das seguintes materias primas fundamentais: estroncio, espato flúor, tántalo, silicio e wolframio así como depósitos identificados de antimonio, barita, bismuto, cobalto, litio e terras raras.

A **Folla de Ruta para a xestión sostible de Materias Primas Minerais** establece as bases para impulsar a subministración de materias primas minerais autóctonas en España dunha maneira máis sostible, eficiente e que maximice os beneficios ao longo da cadea de valor. Ademais, esta Folla de Ruta fai referencia ás seguintes estratexias marco:

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

CONTEXTO

- **Estratexia España Circular 2030**, que expón para 2030 a redución nun 30% do consumo nacional de materiais en relación co PIB.
- **Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030**, que promove a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible e resiliente ao cambio climático que fomente a promoción da eficiencia e a sustentabilidade no abastecemento de materias primas para as novas tecnoloxías.
- **Estratexia de Almacenamento Enerxético**, que promove poñer en valor os recursos de rocas e minerais do país, reducindo a dependencia de terceiros países para potenciar o autoabastecemento sostible.

En Galicia, a Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030 deseñouse co obxectivo de converter o sector da minería de Galicia no aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, o que asegura que o proceso de transición ecolóxica e dixital abastécese de maneira sostible coas imprescindibles materias primas autóctonas.



2

OPORTUNIDADE

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

OPORTUNIDAD PARA EL DESARROLLO INDUSTRIAL

As materias primas fundamentais existentes en Portugal e en España complementáanse e serven para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos industriais dos territorios transfronteirizos.



Hai que destacar a **complementariedade coas estratexias que o Norte de Portugal está a aplicar para desenvolver os seus sectores industriais.**

Portugal é o maior produtor de litio de Europa, que é “esencial” para a transición enerxética.



3

OBJECTIVO

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

OBJETIVO DEL PROYECTO

O obxectivo xeral do proxecto é a promoción dos sectores estratéxicos industriais do espazo transfronteirizo a través dunha estrutura de cooperación permanente que asegure a cadea de subministración das materias primas estratéxicas para conseguir procesos industriais sostibles e eficientes.

Perseguirase o desenvolvemento industrial de 4 sectores:

Mobilidade eléctrica

Enerxías renovables

Micro - electrónica

Aeronáutico

Os obxectivos específicos son:

Deseño de follas de ruta intersectoriais

Identificación de novas oportunidades de investimento industrial nos sectores identificados

Desenvolvemento de actuacións piloto para a atracción de investimentos, o seu aseguramento e sustentabilidade



4

ACTIVIDADES

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

ACTIVIDADES

1 Técnicas

- 1. Asociación intersectorial por unha industria sostible
- 2. Identificación e atracción de investimentos industriais
- 3. Execución de proxectos piloto por áreas e sectores
- 4. Unidade de recursos formativos para a mellora das capacidades

2 Transversais

- 5. Coordinación
- 6. Visibilidade, transparencia e comunicación

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

ACTIVIDADES

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal



1. ASOCIACIÓN INTERSECTORIAL POR UNHA INDUSTRIA SOSTIBLE

- Creación de grupos de traballo intersectoriais coas cadeas de valor estratéxicas
- Desenvolvemento de follas de ruta por espazos (Norte, Centro e Sur) conxuntas de actuación
- Formalización dos grupos nunha asociación plurirregional




2. IDENTIFICACIÓN E ATRACCIÓN DE INVESTIMENTOS INDUSTRIAIS

- Deseño e creación da Unidade conxunta de identificación e atracción de investimentos industriais
- Deseño dunha estratexia de atracción e especialización sectorial e por espazo transfronteirizo
- Foro de difusión e presentación das conclusións

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

ACTIVIDADES

3. EJECUCIÓN DE PROYECTOS PILOTO POR ÁREAS Y SECTORES



- Diseño e desenvolvimento de pilotos
Espazo Norte (con Galicia e Norte de Portugal) (enerxía & mobilidade)
Espazo Centro (Castela- Estremadura e Centro de Portugal)
Espazo Sur (Con Andalucía)
- Execución e avaliación dos pilotos
- Intercambio de experiencias / resultados dos pilotos




4. UNIDADE DE RECURSOS FORMATIVOS PARA A MELLORA DAS CAPACIDADES

- Diseño do mapa de capacidades
- Creación da plataforma de formación
- Elaboración dos recursos formativos para a mellora das capacidades
En relación á cadea de subministración
En relación ás materias primas estratéxicas

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

ACTIVIDADES



5. COORDINACIÓN

- Coordinación do proxecto
- Xestión financeira e auditoría
- Avaliación e monitorización dos resultados do proxecto



6. VISIBILIDADE, TRANSPARENCIA E COMUNICACIÓN


- Plan de comunicación e manual de publicidade e imaxe corporativa do proxecto
- Web e RRSS
- Xornadas de lanzamento e peche do proxecto



5

CONSORCIO

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL CONSORCIO TRANSFRONTERIZO



SOCIOS

COMG – Coordinador do proxecto

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
- Galicia

Consellería de Industria, Enerxía e Minas de Andalucía

Asociación de Empresas Investigadoras, Extractoras,
Transformadoras mineiro-metalúrxicas, Auxiliares e de Servizos
(Aminer)

Dirección Xeral de Enerxía e Minas – Castela e León

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas – Junta de
Extremadura

LNEG - Laboratorio Nacional de Enerxía e Geología

POSIBLES ASOCIADOS SEN PRESUPOSTO

IGAPE

Instituto para a Competitividade Empresarial - Castela e
León

Dirección Xeral de Empresa – Junta de Extremadura

Axencia Andalucía Trade

CARTAS DE COMPROMISO

Asociacións / Clústers de empresariais dos sectores
estratéxicos industriais

Asociacións relacionadas coas cadeas de valor da minería
sostible

Outras entidades públicas e privadas



6

RESULTADOS ESPERADOS

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

RESULTADOS ESPERADOS

- DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS DO ESPAZO TRANSFRONTEIRIZO
- APROVEITAMENTO DA MATERIAS PRIMAS ESCASAS E DOS RECURSOS ENDÓXENOS DOS TERRITORIOS
- REDUCIÓN DA DEPENDENCIA DO EXTERIOR NO SUMINSITRO DE MATERIAS PRIMAS ESTRATÉXICAS E
- XERACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE E FIXACIÓN NO ESPAZO TRANSFRONTEIRIZO
NOVAS PROFESÍONS VINCUALDAS TANTO AOs NOVOS EMPREGOS COMO Ás TECNOLOXÍAS D
EVANGUARDIA




7

ORZAMENTO

1. PROXECTO POCTEP PLURIRREXIONAL

ORZAMENTO

2.000.000 €



2. PROYECTO CIRCULARIDADE FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD



Fundación Biodiversidad

**PROGRAMA EMPLEAVERDE PLUS
FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD**

2. PROXECTO EMPLEAVERDE PLUS

Obxectivos



O Programa empleaverde Plus, xestionado pola Fundación Biodiversidade, no marco do seu labor como Organismo Intermedio do FSE, apoia proxectos que poñan en marcha actuacións dirixidas a fomentar a creación e mellora do emprego e empresas en actividades económicas que den resposta aos retos e oportunidades vinculados á **transición ecolóxica**

Eixos Prioritarios da Convocatoria: (entre eles)

. Economía circular / prevención, xestión e transformación de residuos



2. PROXECTO EMPLEAVERDE. Beneficiarios. Duración e Presuposto. Cofinanciamento



Beneficiarios

O Programa empleaverde Plus busca impulsar a adquisición e mellora de competencias que dean resposta aos retos e oportunidades vinculadas á transición ecolóxica.. Solicitantes:

Entidades públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e debidamente rexistradas no rexistro correspondente, con personalidade xurídica propia e que teñan sede en España.

Poden presentar proxectos entidades individuais ou ben en agrupación.

Prazo de execución

Duración de 7 a 24 meses

Importe

Entre 150.000 - 2.000.000 euros

Cofinanciación

Galicia: 60% (En transición)

2. PROXECTO EMPLEAVERDE. Eixos e liñas de actuación



LIÑA 1.

. Liña 1: Capacitación para a adquisición ou mellora de competencias para o emprego verde

Proxectos dirixidos á adquisición ou mellora de competencias e cualificacións, enmarcadas nos eixos prioritarios que faciliten o acceso, a mellora na adaptación ao mercado laboral, o fomento da reciclaxe profesional e o emprendimento verde.

Accións de formación. Formación para a adquisición ou mellora de competencias.

Asesoramentos. Accións específicas de apoio encamiñadas a mellorar a súa situación no mercado de traballo de acordo aos eixos prioritarios ou no proceso de procura de emprego.

Acompañamentos, mediante mentor para acompañar no proceso de desenvolvemento persoal ou profesional na procura de emprego, no acceso ao mercado de traballo ou na creación e consolidación da empresa.

2. PROXECTO EMPLEAVERDE. Eixos e liñas de actuación



Comunidades de práctica. Un grupo de persoas comparte coñecementos, ferramentas e estratexias para impulsar a súa empregabilidade ou impulsar un proxecto empresarial.

Innovación educativa e innovación social. Accións que aborden a aprendizaxe mediante a innovación educativa centrada nas persoas ou o ensaio de solucións innovadoras para facilitar o acceso ao mercado laboral.

Dirixidas tanto a traballadores en activo como a desempregados.

2. PROXECTO EMPLEAVERDE. Liñas de actuación



LIÑA 2

. Liña 2: Capacitación práctica para persoas desempregadas “aprender traballando”

Proxectos dirixidos á capacitación para o emprego verde e a promoción da inserción laboral das persoas participantes no mercado de traballo..

Accións de contratación para a Formación en Alternancia

Formalizarase un contrato de formación en alternancia coas persoas participantes nas accións formativas. Contratos de duración mínima de 6 meses.

A formación deberá impartirse durante o período de vixencia do contrato e estará dirixida á capacitación para o desempeño dun emprego que se enmarque nos eixos prioritarios.

A formación deberá proporcionar un certificado de profesionalidade ou responder a outra especialidade formativa dentro do catálogo de especialidades formativas do Servicio Público de Emprego.

2. PROXECTO EMPLEAVERDE. Gastos elexibles



Custos de persoal: Será cofinanciable o 100% do custo laboral do persoal que execute as actividades do proxecto

Gastos de participantes en liña 2: Costes salariais e de cotización derivados dos contratos de formación en alternancia..

Subcontratacións e contratacións externas. Estas non poderán superar o 50% do orzamento total do proxecto.

Gastos de execución. Contratacións externas e material funxible e de amortización de instalacións e material inventariable, dietas e desprazamentos.

Costes indirectos. 7% dos costes directos subvencionables.



IDEA DE PROXECTO: MIN_CIRC

Proxecto de cualificación profesional para o desenvolvemento mineiro circular



Eixo MELLORA.

2. IDEA DE PROXECTO

TEMÁTICA – NECESIDADE DETECTADA



- ❑ **Cara a unha minería mais sostible e circular a través da capacitación na circularidade e valorización de residuos como novas materias minerais**
 - ✓ Implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas recicladas que proveñan de residuos da construción e demolición.
 - ✓ Melloras técnicas dispoñibles de xestión e tratamento de residuos minerais mediante a valorización dende o punto de vista técnico, económico e sostible.
 - ✓ Técnicas de xestión e tratamento mediante a valorización máis óptima e rendible.

PÚBLICO OBXECTIVO



- ❑ **Traballadores/as e potenciais traballadores no sector mineiro:**
 - ✓ Con experiencia no sector mineiro ou relacionado. Idealmente profesionais con capacidade de decisión, técnicos medios.

2. IDEA DE PROXECTO

OBXECTIVO DO PROXECTO

Formar a persoas empregadas do sector da minería, con especial atención a mulleres, para obter novas **competencias profesionais para impulsar iniciativas de desenvolvemento da economía circular en relación ás materias primas minerais:**

- ✓ Orientado á valorización **de residuos mineiros**
- ✓ Valorización dos residuos procedentes dos **sectores da construción e demolición** e de materiais de **escavación**.



Deste xeito se contribúe a unha maior sustentabilidade, se fomenta a integración do sector con outras cadeas industriais e se aposta pola xeración de valor e diversificación de actividades.

2. IDEA DE PROXECTO

ALCANCE XEOGRÁFICO

❑ 2 Comunidades Autónomas

Proxecto a ser impulsado en Galicia e Andalucía, a priori.

PARTENARIADO

❑ 2 Socios



- ✓ Liderado desde Galicia - CÁMARA MINEIRA
- ✓ Entidades doutras CC.AA. participantes

DURACIÓN DO PROXETO

❑ 12 meses (2024-2025)

Presentación da candidatura – 1º Trimestre 2024



ORZAMENTO

- #### ❑ 140.000 euros en total aprox.



2. IDEA DE PROXECTO

ACCIONES PROPOSTAS

O proxecto contaría coas seguintes actividades 4 actividades, a desenvolver en cada Comunidade Autónoma:

3 Accións Formativas (6 en total)

1 Acción de Asesoramento (2 en total)



2. IDEA DE PROXECTO

CARACTERÍSTICAS DAS ACCIÓNS

❑ ACCIÓNS FORMATIVAS:

Modalidade: Presencial ou videopresencial

Duración: 60 horas

Número de destinatarios: 30 de media

❑ ACCIÓN DE ASESORAMENTO:

Modalidade: Presencial ou videopresencial individualizada

Duración: 45 horas

Número de destinatarios: 10

3. PROXECTO ERASMUS + MINERÍA VERDE

Programa Europeo de Educación, Formación, Juventud y Deporte



Erasmus+

EU programme for education, training, youth and sport



Erasmus+

ÍNDICE

1

OPORTUNIDADE DETECTADA

2

IDEA DE PROXECTO

3

PROPOSTA DE ACTIVIDADES



OPORTUNIDADE
DETECTADA



OPORTUNIDADE DETECTADA

3. PROXECTO ERASMUS+ OPORTUNIDADE DETECTADA



ACCIÓN CHAVE 2

- ❑ Asociaciones para la cooperación (KA220)

LIÑA

- ❑ Educación de adultos

ORZAMETO A SOLICITAR

- ❑ Tramo de 250.000 euros en global do proxecto (proxecto a 2 anos)

¿POR QUE?

- ✓ Presentación ante a Axencia Nacional Española - SEPIE (**maiores posibilidades de aprobación**)
- ✓ Educación non formal – Formación para o emprego (**maior simplicidade no seu desenvolvemento**)
- ✓ Educación de persoas adultas (**gran % de traballadores que precisan unha recualificación**)
- ✓ Posibilidade de desenvolver un proxecto de base para planificar un proxecto de maior calado nun futuro (**base formativa para futuras actuacións**)
- ✓ Obter experiencia nun programa de cooperación europea que vai a máis (**ERASMUS +**)



PROYECTO
2024

2

IDEA DE PROXECTO

3. PROXECTO ERASMUS+ IDEA DE PROXECTO



TÓPICO – NECESIDADE DETECTADA

- ❑ **Cara a unha minería verde a través da capacitación en novas ocupacións baseadas na transición dixital e ecolóxica**
 - ✓ Novos xacementos de emprego / ocupacións que transformen as actividades produtivas relacionadas coa minería (tradicionalmente cun severo impacto ambiental e contestación social).
 - ✓ Recursos formativos orientados a traballadores ou potenciais traballadores do sector mineiro que precisan recualificarse en novas competencias que dean resposta a unha minería máis verde e eficiente.
 - ✓ Sensibilización das vantaxes da unha minería máis verde e dixital.

PÚBLICO OBXECTIVO

- ❑ **Traballadores/as e potenciais traballadores no sector mineiro:**
 - ✓ Con experiencia no sector mineiro ou relacionado.
 - ✓ Sen experiencia (xente nova ou persoas paradas que precisen recualificarse para mellorar a súa empregabilidade).

3. PROXECTO ERASMUS+ IDEA DE PROXECTO



OBXECTIVO DO PROXECTO

Creación e testeo de **contidos formativos innovadores** para a mellora competencial dos traballadores do ecosistema mineiro a través da cooperación europea, en aspectos clave como:

- ✓ a implantación de **solucións verdes e innovadoras**,
- ✓ a circularidade ou a contribución da **dixitalización á transición ecolóxica**.

Iso contribuirá a que o ecosistema mineiro convértase nun **axente transformadores** do cambio e do emprego, cara a un modelo cunha maior **eficiencia e sustentabilidade** dos seus recursos.

3. PROXECTO ERASMUS+

IDEA DE PROXECTO

ALCANCE XEOGRÁFICO

❑ Alcance europeo:

Representatividade Norte* –Sur

aprendizaxe de países que tradicionalmente conseguiron unha minería máis verde e socialmente aceptada

PARTENARIADO

❑ 5-6 Socios de 4 países da UE:

✓ Liderado desde Galicia - CÁMARA MINEIRA

✓ Entidades doutros 3 países da UE con experiencia no ámbito da formación ocupacional en competencias verdes e dixitais (especialmente relacionadas co ámbito mineiro).

DURACIÓN DO PROXETO

❑ 2 anos (2025-2026)

Presentación da candidatura – 5 de Marzo 2024

ORZAMENTO

❑ 250.000 euros en total

Suma a tanto alzado, a distribuír entre socios



PROPOSTA DE
ACTIVIDADES

3

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

3. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADES




WORK PACKAGES

As principais actividades a impulsar desde o Consorcio de entidades agrúpanse en **5 grandes paquetes de traballo ou Work Packages.**



3. PROXECTO ERASMUS+ ACTIVIDADES



WP1: Coordinación e comunicación do proxecto

- Coordinación do proxecto
- Xestión financeira e auditoría



WP2: Identificación de Novas Ocupacións Verdes e Dixitais no Sector Mineiro

- Investigar e analizar as oportunidades de emprego relacionadas con ocupacións verdes e dixitais na industria mineira, cun enfoque na sustentabilidade, a circularidade e a innovación.
- Identificaranse boas prácticas que posteriormente poderán ser capitalizadas a través da creación de contidos formativos (WP3).



WP3: Deseño, Desenvolvemento e Validación de Contidos en Áreas Crave

- Creación de contidos formativos en base ás oportunidades e BBPP detectadas, que poden incluír materiais de capacitación, guías e recursos interactivos, etc.
- Validaranse os contidos formativos a través de probas piloto.

3. PROXECTO ERASMUS+

ACTIVIDADES



WP4: SENSIBILIZACIÓN E XERACIÓN DE MASA CRÍTICA



Promover a conciencia e o interese nas novas ocupacións verdes e dixitais no sector mineiro a través de eventos de divulgación a nivel rexional e internacional, onde se dean a coñecer os contidos desenvolvidos no proxecto.



WP5: HUB DE MINERÍA SOSTIBLE - COLABORACIÓN E REDES DE COOPERACIÓN



Establecer alianzas e colaboración con actores clave para impulsar a formación en ocupacións verdes e dixitais a través da identificación e contacto con institucións académicas, empresas e organizacións relacionadas coa minería e a formación.



Crearase unha Rede Dixital de Colaboración (Hub) que facilite o intercambio de coñecementos e recursos.